

Aplicacións curativas do alicornio na medicina tradicional galega


Rafael Quintía Pereira

Trataremos neste artigo sobre as calidades sandatorias do alicornio na medicina tradicional galega e sobre os procedementos rituais de curación realizados co citado amuleto ou obxecto de poder.

Os datos para a elaboración deste traballo proveñen, por unha banda e principalmente, do traballo de campo que levei a cabo nas quince parroquias do concello de Pontevedra, nas que centrei a busca destes alicornos e o estudo do seu ritual, se ben tamén se estudaron outras pezas atopadas nalgunhas localidades da contorna de Pontevedra como os concellos de Cerdedo, A Lama, Marín ou Vilaboa, e por outra, dos breves comentarios sobre o tema atopados na literatura etnográfica galega contrastando estas informacións cos datos recollidos no traballo de campo, o que nos permite nalgúns casos facermos un estudo diacrónico do uso medicinal dos licornos e comprobar como seguen vixentes ritos curativos descritos xa hai un século.

A orixe do mito do unicornio en Galicia

A crenza nos poderes do alicornio —nome co que se coñece o corno de unicornio— atoparon en Galicia terreo fértil para a súa propagación. O pobo campesiño adoptou como seu este amuleto adaptándoo ós seus recursos, sistema de crenzas e rituais e pasou a ser unha das pezas máis salientables do arsenal profiláctico da nosa medicina tradicional.



Podemos afirmar sen moito temor a erro que a entrada do mito do unicornio en Galicia se produce de xeito parelo á entrada do cristianismo. E isto débese principalmente a un feito histórico fundamental na transmisión do mito do unicornio: a súa introdución na Biblia a raíz da elaboración na Alexandría no século III a. de C. da *Biblia dos*

Setenta e da errada tradución de *Re'em* por *Monokeros*. Os tradutores posteriores da Biblia, como no caso da versión do Rei Santiago (ano 1611), seguidores da versión dos Setenta, traduciron monoceros ás súas respectivas linguas contribuíndo deste xeito á propagación do mito. Á influencia que tivo a Bibila únese a importancia que adquiriu na cristiandade durante a Idade Media o famoso libro redactado alá polo 200 a. de C., coñecido como *Physiologus* ou *Fisiólogo Grego*. Atribuído a Taciano, e escrito

inicialmente en grego, foi temperán e extensamente difundido en latín e noutras linguas orientais. Contiña unha interpretación simbólica de tódolos animais, reais e imaxinarios, dividindo os seres entre divinos e diabólicos e establecendo lazos entre as alegorías á creación e cada unha destas criaturas. Este libro transmitiuse a través da cultura relixiosa e foi tomado como serio e aceptable durante os seguintes mil anos á súa aparición dando orixe a tódolos bestiarios medievais e contibuíu decisivamente a fixar na mentalidade popular a peculiar relación entre o unicornio e as virxes e o marabilloso poder curativo do seu corno. Aínda que a Igrexa condenou nalgúns momentos este tipo de obras, a través delas o unicornio pasou á imaxinación popular e alcanzou tódolos currunchos de Europa. Con todo isto, a divulgación da crenza no unicornio acadou o seu maior pulo na Idade Media, momento no que influentes autores como San Isidoro de Sevilla se fan eco da fantástica besta nas súas obras, pasando entón a ser representado en debuxos, tapices, capiteis de igrexas, etc. No inicio da cristiandade latina e bizantina, así como durante o período de expansión na Idade Media, atopamos gran número de representacións de animais, tanto en esculturas, manuscritos, tapices, vidreiras ou na decoración dos templos. Isto débese a diferentes factores. Á parte do valor ornamental, estarían a idea de que a representación da vida animal ofrece un xeito sinxelo de expresar e simbolizar vicios e virtudes, cousa que tamén veremos reflectida nos bestiarios medievais.

A entrada de viaxeiros e romeiros co auxe da peregrinación a Santiago de Compostela facilitarían tamén a extensión e divulgación da crenza no unicornio e nos poderes do seu corno. Se ben o unicornio é unha criatura de escasa representación no Románico, si é posible atopalo nalgúns templos ó longo do Camiño de Santiago representando e simbolizando a pureza e a virxindade. Como exemplos podemos cita-la portada de Soto de Bureba (Burgos), as ruínas da Ermida do Cemiterio (s. XII) de Bárcena de Pienza (Burgos) ou o Panteón Real de León.



Foi importante a lenda recollida no s. XIV polo sacerdote John de Hesse quen, tras visitar Terra Santa, xurou ter visto como un unicornio usando o seu corno purificaba as augas dun manancial infestado de serpes venenosas para que outras bestas puidesen beber. Esta lenda, aínda viva en Galicia, como se recolleu en Terra de Montes (Pontevedra) ou en Navia entre outros lugares, chegou a Europa nun momento crítico no que a febre tifoidea estaba castigando a poboación

atopando o mellor caldo de cultivo para a súa difusión pois existía a sospeita de que a enfermidade se transmitía pola auga, e a necesidade de buscar un remedio eficaz fixo que o uso do alicornio se convertese nun dos remedios máis buscados. A partir de aí e ata entrado o século XIX o alicornio, nos seus distintos modos de presentación e administración, foi remedio común e habitual nas nosas boticas, acadando as distintas adaptacións ou deformacións do corno de unicornio —corno de cervo, de corzo, vacaloura, etc.— un posto destacado na farmacopea da medicina popular galega. Posto e importancia curativa que aínda se mantén viva hoxe en día como ben puiden comprobar no traballo de campo levado a cabo para a elaboración desta investigación.

Definición de alicornio e do ritual de pasa-lo alicornio na medicina tradicional galega

Etimoloxicamente alicornio significa corno de unicornio. É o termo empregado para referirse ó apéndice córneo da besta mítica coñecida como unicornio ou monoceros.

O corno de unicornio coñécese en Galicia baixo os seguintes nomes: alicornio, alicor, alicorno, alicorne, alicornia, ulicornio, licorno, licornia, licornio, filiscornio ou dente de alicornio.

O Alicornio é o obxecto utilizado no ritual curativo denominado xenericamente *bota-lo licornio*, *pasa-lo licornio* ou *pasa-lo corno* e nas súas variantes específicas de *bendici-la pezoña* ou *corta-la pezoña*, cando se utiliza para a curación do *mal de pezoña*. Como ritual curativo que é, celébrase cada vez que nace a necesidade de realizar unha curación a algún membro de dentro ou de fóra da comunidade, polo que non se pode adscribir a unha data determinada.

En canto ó uso menciñeiro que se fai do alicornio, cómpre destaca-la existencia de variantes da ritualidade de *pasa-lo alicornio* e da posoloxía e dos xeitos de elaboración dos preparados curativos e das augas de alicornio. Poderíamos dicir que asociado a cada alicornio e propietario existe un xeito distinto de uso ou cando menos unhas peculiaridades propias. Aínda que existen tamén unhas semellanzas comúns a todos eles como, por exemplo, o seu uso para tratar afeccións da pel ou a presenza da auga xa sexa para a elaboración dunha auga ou apócema sandadora co corno xa como medio de diagnose e detección do chamado *mal de aire*. Semellanzas que nos permiten falar dun mesmo ritual curativo con distintas variantes en canto ós procedementos e ós elementos que entran en xogo

Aplicacións curativas do alicornio

A principal propiedade curativa do alicornio é a súa virtude alexifármaca que fai del un antídoto universal para todo tipo de veneno ou pezoña. Á parte desta virtude, pódense cataloga-las propiedades terapéuticas do alicornio baixo dous aspectos diferenciados que lle dan esa versatilidade curativa que ocupa dentro da nosa medicina tradicional:



1- Como obxecto valedor ou protector que rexeita e preserva do mal, é un potente amuleto que afasta e protexe contra bruxas, meigallos, feitizos, encantamentos, sortilexios, fascinacións, persoas de mal mirar, mal de ollo, enfermidades que afectan os nenos como o tangarallo ou enganido, aires varios e contra a Santa Compañía.

2- Como obxecto sandador aplícase no tratamento tanto de enfermidades de orixe psíquica ou mental coma de orixe física e de tipo socio-cultural.

- Dentro das primeiras, as de orixe psíquica ou mental, podemos cita-lo feitizo, encantamentos, endemoniados e as enfermidades psicosomáticas atribuídas ó *mal do aire*, como o tangaraño e o enganido.
- Dentro das segundas, as de orixe física, teríamo-las diferentes enfermidades da pel, irritacións, dermatite, psoriase, pezoñas, velenos, mordeduras, inflamacións, desipela, eccema, herpes, sarna, tiña, outras afeccións da pel atribuídas ó mal do aire e outras infeccións e enfermidades varias que comentaremos a continuación máis polo miúdo.
- No terceiro tipo, as denominadas enfermidades de orixe socio-cultural por seren froito da cultura propia na que se está inmerso, cómpre menciona-lo mal de ollo.

Aínda que son moi moitas as aplicación do alicornio na medicina popular galega trataremos de facer unha relación das doenzas máis significativas nas que se usa:

- Inflamacións por trabada de animais
- Feridas por animais ponzoñosos
- Ataque da serpe
- Velenos
- Pezoñas
- Gangrena
- Coxo
- Psoriase
- Herpes
- Erisipela
- Eccema
- Sarna
- Tiña
- Outras enfermidades da pel
- Vixocas, xarpolas
- Cuchizo
- Raquitismo
- Epilepsia
- Aire
- Tangaraño
- Enganido
- Mal de ollo
- Feitizos
- Encantamentos
- Sortilexios
- Maleficios
- Fascinacións
- Impotencia
- Dores de parto
- Outras aplicacións



Factores de expulsión do mal ou da doenza



O conxunto de símbolos e elementos que se poñen en xogo en cada rito e en cada remedio no que se usa o alicornio teñen un sentido na procura da sandación, cumpren unha función determinada no proceso curativo polo que non son meros adobíos. Así vemos como entran en xogo elementos físicos como o uso de substancias e líquidos responsables de restaura-lo equilibrio na saúde do individuo unha vez que se deteña o mal e outros non físicos, simbólicos ou sobrenaturais, que serían fundamentalmente o uso de ensalmos, oracións, retrónicas, etc., e que funcionarían como medio de axuda ós elementos físicos usados no remedio ou rito curativo. Detallamos a continuación a presenza deses elementos no ritual do uso do alicornio galego que estamos a analizar:

- Utilización de medios simbólicos para expulsa-lo mal a través do recitado de determinadas frases nos esconxuros como por exemplo, *vaite pezoña de aquí, vaite de aí, vaite aló*... Estaríamos ante un xeito de expulsión verbal.
- Solicitude de axuda do poder divino con frases como: *pola gracia de Deus e a Virxe María, pola gracia de Deus e do Espírito Santo*....
- Uso de **determinadas accións** como medios de expulsión da doenza ou o mal. Bendice-la ferida co alicornio, cruzar, é dicir, facer cruces co corno sobre a zona afectada, afumar, cortar, disciplinar ou lava-la ferida coa auga do alicornio son algunhas destas accións que ás veces botan man do poder simbólico do divino xa que o mal foxe ante os símbolos relixiosos como a cruz ou a auga bieita. Tamén o fume, que a todos espanta, co uso de sahumeros fai tamén escapar simbolicamente o mal. Lavar sería na simboloxía cristiá unha forma de purificación, así no bautismo se lava o pecado orixinal.
- **Oracións, ensalmos, bendicións.** As oracións que se rezan normalmente son: O Noso Pai ou a Ave María. Nos ensalmos menciónase a Deus, a Virxe María, o Noso Señor Xesucristo, a Nai Santísima e a Divina Trindade, isto é, o Pai, o Fillo e o Espírito Santo. O fin destes ensalmos sería dete-lo curso da doenza e provoca-lo seu retroceso. Transcribimos a continuación dous interesantes ensalmos dos varios recollidos que se recitan cando se *bendice a pezoña* co alicornio

Ensalmo do Sr. Licornio

(Recollido na parroquia de Tomeza, Pontevedra)

Buenos días Sr. Licorno

Este licorno vou pasar

Aires de bichos vou cortar

Se é de sapo, se é de sapón

Se é de culebra, se é de culebrón

Se é de sabandixa, se é de sabandixón

Se é de bichos que do mundo son.

*Pola gracia de Dios e do Espírito Santo
Pola gracia de Dios e a Virxe María
Un padrenuestro e un avemaría*

Ensalmo II

(Recollido na parroquia de Verducido, Pontevedra)

*Vaite pezoña de aquí
Que anda o licorno
Por encima de ti*

- **Uso de líquidos:** fundamentalmente auga, leite e aceite no caso do alicornio. Ás veces a auga utilizada adquire unha importancia especial ou ritual. Así, en determinados procesos curativos a auga utilizada para face-la denominada auga de alicornio ten que provir dunha fonte que non teña secado nunca ou dun río ó que se lle supoñen milagreiras virtudes. Outras, a auga ten que ser auga bendicida ou basta con auga normal sempre e cando sexa auga limpa de pozo, fonte ou manancial, mesmo hai quen di que se debe utilizar un recipiente de vidro para recollela. A importancia do uso dunha auga especial no rito curativo é algo recorrente na nosa medicina tradicional, convinándose neste caso o poder do alicornio co culto á auga e co valor simbólico que esta ten no cristianismo. Por outra banda, tamén témo-lo caso do uso da auga como vehículo ou medio de diagnóstico do mal do aire. Cómpre, por último, menciona-la importancia que se lle dá ás veces ó lugar onde se bote esta auga “contaminada” pola pezoña, xa que podería orixinar futuros contaxios. Para evitalo é habitual botala ó lume, noutros casos bótase onde máis dea o Sol —ó cumprir este a mesma función có lume— outras, ó tira-la auga contaminada recítase un pequeno ensalmo protector co fin de anula-lo posible efecto maligno do veneno.
- **Uso de substancias:** o corno de alicornio ou as raspaduras e os pos deste. Na parroquia de Salcedo mantense o uso do allo como elemento purificador do alicornio como paso previo ó ritual curativo. O allo é na cultura tradicional galega potente amuleto contra o mal de ollo e tamén foi usado como remedio contra a rabia. Na parroquia de Marcón recollo o uso do alicornio combinado co uso de herbas como o bieiteiro, o saramago ou a rabiza.

Estes elementos ou axentes expulsos que entran en xogo no rito do alicornio non aparecen todos xuntos nun mesmo rito senón que se combinan de distinto xeito dando lugar a ritos diferentes de maior ou menor complicación segundo o número deles que inteveñan. Poderíamos clasificalos en elementos con valor relixioso ou semirrelixioso e elementos extrarrelixiosos

Elementos con valor relixioso ou semirrelixioso serían:

- A cruz ou facer cruces
- A beizón do corno
- O uso de auga bendita
- O uso da auga como elemento purificador
- Recitado de oracións,
- Recitado de invocacións
- Uso de aceite, que simbolizaría a lámpada do Santísimo.

-A importancia simbólica dos números: ás veces o 7, de grandes connotacións bíblicas; o 3, que é o número da perfección, da Divina Trindade; e o 9, que é 3 veces 3, a perfección da perfección, así como tódalas combinacións posibles destes números. Repetímo-lo rito 3 veces ó día durante 9 días, 9 veces ó día, 1 vez ó día durante 3 días, etc.

Como **elementos extrarrelixiosos** teríamos:

- O alicornio
- O allo
- O leite
- As distintas herbas usadas

Descrición das variantes do ritual de administración do alicornio



O ritual curativo do uso do alicornio presenta variadas formas ou xeitos de aplicación. Catalogamos a continuación as distintas posibilidades de aplicación do alicornio que puideron recoller na investigación de campo realizada e que complementamos con algún apuntamento da bibliografía etnográfica galega.

⇒ Por unha parte teríamo-lo **uso do corno**. Este pódese aplicar directamente sobre a ferida ou a parte enferma a curar ou pódese utilizar para face-la denominada *auga de alicornio*.

Se se usa o alicornio directamente tamén existen varias ritualidades:

- Pasar-lo corno sen máis pola parte afectada
- Pasar-lo corno á vez que se fan repetidas cruces sobre a ferida. Sempre número impar, normalmente 3 ou 9 cruces
- Pasar-lo corno á vez que se recitan ensalmos ou oracións. Tamén un número impar de veces.
- Pasar pola zona afectada o corno mollado na auga de alicornio.
- Pasar pola zona afectada o corno unha vez que se purificou con lume de rama de allo, sendo o allo usado dende antigo polas excelentes propiedades desinfectantes.
- Pasar-lo corno pola zona afectada tras mollalo en auga.
- Pasar-lo corno pola zona afectada tras mollalo en aceite.

⇒ Uso da **auga de alicornio**: Neste caso o alicornio úsase para face-la denominada *auga de alicornio* tendo dúas aplicacións; como método de diagnose do mal de aire ou pezoña ou como preparado de auga sandadora. Ás veces a auga úsase para lava-la ferida ou refrega-la parte doente, outras bébese coma se fose unha purificadora tisana e nalgún caso emprégase para facer emplastos con herbas. Esta auga ten moitos xeitos de se preparar:

— Unha delas é encher de auga un recipiente, introducir nela a punta do corno de alicornio trazando o sinal da cruz un numero impar de veces; finalmente reméxese a auga debuxando círculos na superficie.

— Introducindo o corno en auga, sen máis ritual, e deixalo 24 horas a remollo para que a auga adquira as propiedades curativas. O enfermo debe beber esta infusión.

— Introducindo na auga a parte máis ancha do corno e próxima ó seu nacemento, considerada a máis virtuosa.

— Mete-lo corno nun cacharro con auga durante un tempo. Despois esta auga ferve e úsase para limpa-la ferida.

— Botando raspaduras ou pos do corno na auga para a elaboración da apócema sandadora.

— Fervendo herbas (bieiteiro, saramago ou rabiza) na auga de alicornio (tras retira-lo licornio) e despois usando estas herbas para facer emplastos.

- ⇒ **Uso do corno con leite:** bótanse unhas reladuras ou pos do alicornio nun pouquiño de leite sobre o que se facían tres cruces co mesmo alicornio e pronunciábanse unhas palabras a xeito de esconxuro; despois o doente bebía o leite.
- ⇒ **Uso do dente de alicornio con auga e aceite:** Neste remedio identifícanse as cornas de vacaloura co alicornio. Cura o goxo pasándoo pola parte infectada unha vez que se lava o alicornio con auga e aceite.
- ⇒ **Uso do alicornio con aceite:** No concello da Lama recollín este método curativo que convina o uso do alicornio co uso do aceite. Móllase o licornio en aceite e pásase pola ferida ou parte doente facendo cruces, sempre en número impar. O tratamento debe repetirse nove días seguidos.
- ⇒ **Uso do alicornio con auga:** O mesmo que nos casos anteriores, o procedemento consiste en molla-lo corno no líquido, neste caso en auga, e bendici-la pezoña con el, isto é, facer cruces sobre a parte doente mentres se recita un ensalmo ou unha oración. Ás veces o ritual faise sen recitado de retrónica ningunha.
- ⇒ **Uso do alicornio con herbas:** Interesante variación recollida na parroquia de Marcón. Pásase o corno por toda a zona do corpo infectada, de arriba a abaixo e repetidas veces. A continuación métese o licornio nun barreño con auga limpa e déixase ata que comece a botar burbullas. Retírase o corno e bótase na auga do alicornio unha presa de bieiteiro e outra de saramago e ponse o preparado a ferver durante uns 15 ou 20 minutos. Se non se atopa saramago pódese botar rabiza. Sácanse as herbas e faise con elas un emplasto sobre a zona infectada durante tres días, prolongándose a nove días se non remite o mal.
- ⇒ **Anel de alicornio:** O chamado *anel de alicorno* era un anel de prata que tiña engastado un cachiño de alicorno, de hasta de cervo ou unha corna de vacaloura, e que se levaba no dedo anular. Con el preparábase a auga de alicornio. Adoitábano levar tanto homes coma mulleres polas propiedades curativas do alicornio e por ser valioso amuleto contra o mal de ollo. Na xoiería Refojo de Lugo facíanse por encargo, e aínda se fan, aneis de alicornio, especialmente indicados contra os ataques epilépticos; confecciónanse fundindo prata de “sete Marías” e despois introdúcese no estoxo do anel un anaco de corna de vacaloura.

⇒ **Beizón do corno alicornio**

Nalgúns dos casos estudados nas parroquias de Tomeza e Marcón recollo a crenza de que o alicornio debe ser bendicido para que adquira a súa virtude sandadora.

Conclusións do estudo realizado

1. A maior parte dos alicornios estudados proveñen da cornamenta de cérvidos.
2. O ritual curativo máis común e usado é o denominado ritual de corta-la pezoña ou bendici-la pezoña. O devandito ritual consiste basicamente no seguinte:
 - Pásase o alicornio repetidas veces, sempre número impar, pola parte do corpo afectada pola doenza.
 - A continuación introdúcese o alicornio nun recipiente con auga. Se esta bota burbullas é sinal de que a afección é mal de aire ou pezoña, polo que o uso do alicornio será efectivo na sandación desta doenza.
 - Co alicornio mollado na auga de alicornio pásase de novo pola parte enferma, sempre en número impar.
 - Por último bótase a auga infecta ó lume.
 - O ritual repítese durante un número impar de veces, normalmente 9, ou durante os días necesarios ata a curación do paciente.
3. Existe a crenza común de que o alicornio é o remedio máis efectivo para os problemas cutáneos como infeccións, picaduras, trabadas, inflamacións, etc. Fundamentalmente todas esas doenzas que se engloban baixo o denominado mal de aire de bicho ou pezoña.
4. Compróbase, agás vagas referencias, un gran descoñecemento da procedencia mítica do alicornio e da relación que existe entre o unicornio e o alicornio, e por tanto descoñécese a hipotética fisionomía que debería te-lo alicornio tipo. Queda a idea de que moitos destes cornos proceden duns *bichos* que algo debían ter de especial, dise habitualmente que proceden de afastadas terras como América, pero sen chegar a ter claro de que tipo de animal falamos. Outras veces cóntase que os alicornios proceden dun tipo de *cervo especial* que non se dá en Galicia, como recollín dunha informante de Tomeza, ou que o corno debe ser arrincado mentres o cervo está vivo —o que supón unha reminiscencia da caza do unicornio— e mesmo que só ten poderes se procede dun animal macho, como me contaron na parroquia de Verducido. Só nalgún caso, como en Navia de Suarna, fálese de que procede do animal chamado *ulicornio*. Esta relación entre o corno e a súa orixe tampouco é necesaria para que o obxecto teña ese valor ou poder especial nin para presuporlle ou outorgarlle os poderes milagreiros que segundo a tradición ten o corno do unicornio e que se ven reflectidos no ritual curativo realizado con estes obxectos. O importante é que cumpra a función que lle corresponde como recurso curativo para tratar ese tipo de doenzas que se



consideran na nosa cultura tradicional como *non de médico*, é dicir, aqueles males para os cales se cre que o médico non está capacitado para a súa cura.

5. O corno de unicornio deixouse de usar na farmacopea europea a finais do século XVIII, mais o alicornio galego séguese a utilizar hoxe en día como un elemento curativo máis da medicina popular, sendo moitos os alicornios que aínda están activos no noso país e habitual o seu uso no ritual sandatorio.
6. Os alicornios estudados teñen diversas procedencias e múltiples formas —algunhas das cales distan moito da típica estampa do corno de unicornio— cítense cornos de cervo, corzo, vaca, cabra, cairos de xabaril, cornas de vacaloura e demais obxectos de formas e orixes diversas e que o pobo quixo bautizar como alicornios e outorgárille-las propiedades máxicas e milagreiras atribuídas ó “verdadeiro” corno de unicornio. Tamén se dá a confusión entre o alicornio e outros cornos ós que tamén se lles atribúen facultades curativas ou protectoras dende moi antigo como é o caso do corno de cervo.
7. Obsérvase un abandono do costume de empresta-lo alicornio por medo á súa perda, roubo ou deterioración. Por iso o máis frecuente é que a persoa enferma acuda á casa do dono do alicornio para facer alí o ritual curativo. Tódolos entrevistados transmitiron o seu medo a que en caso de deixaren o corno llelo perdesen, non llelo devolvesen ou llelo estropeasen.
8. Constátase unha xeneralizada falla de transmisión do uso do alicornio cara ás xeracións máis novas —incluso dentro da mesma familia que posúe o alicornio— as cales descoñecen as propiedades, funcións e ritual destes cornos. Isto leva irremediamente a que, mortos os vellos, se acabe perdendo o amuleto definitivamente. Como me dixo un veciño de Xeve *fálaslle disto á xuventude e bótanse a rir*.
9. Coa universalidade da medicina oficial levada a cabo nestas últimas décadas pódese apreciar unha crecente perda de respecto cara a este tipo de obxectos sandadores e cara á función que como elementos curativos desempeñan no mundo tradicional galego. Polo que moitos destes elementos da nosa medicina tradicional veñen sendo tachados de supersticiosos, sen valor ou fundamento médico, e de fósil cultural froito da ignorancia do pobo. Pero malia a estas críticas o que é innegable, xa sexa por fe ou non, é que estes procedementos funcionan en moitos dos casos, e as testemuñas que aseguran ter sido curadas das súas afeccións cutáneas grazas ó alicornio son incontables.
10. Malia a todo o exposto anteriormente, e aínda que cada vez son menos as persoas que recorren a este tipo de remedios, podemos concluír que o uso do alicornio é un recurso curativo da medicina tradicional galega plenamente vixente na actualidade e posiblemente un dos máis espallados, e pode atoparse dende a costa ata a montaña lucence, ou dende as Rías Baixas ata o Bierzo ou Asturias.

Ilustración: Unicornio con feitura de cabra por Myriam Quintía

Foto 1: Alicornio da parroquia de Salcedo (concello de Pontevedra)

Foto 2: Alicornio da parroquia de Cerponzóns (concello de Pontevedra)

Foto 3: Alicornio da parroquia de Mourente (concello de Pontevedra)

Foto 4: Alicornio da parroquia de Verducido (concello de Pontevedra)

Foto 5: Alicornio da parroquia de Tomeza (concello de Pontevedra)

Foto 6: Alicornio da parroquia de Tomeza (concello de Pontevedra)

Foto 7: Alicornio de Cabenca (concello de Cerdedo)

Bibliografía

- Alfredo Vicenti, Prudencio Rovira, Nicolás Tenorio. *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*”, 1984, p. 324
- Anónimo. *Libellus de natura animalium*. Versión galega de Raúl Gómez Pato. Bivir. Asoc. Trad. Galegos. 2003.
- Anónimo. *Fisiólogo. Berstiarío Medieval*. Ed. Obelisco. Barcelona, 2000
- Aparicio Casado, B. *A tradición oral en Poio*. Deputación de Pontevedra
- Becoña Iglesias, E.: *Medicina Popular*. Ir Indo edicións. Vigo 1988.
- Cuba, X. R., Miranda, X. e Reigosa, A., *Diccionario dos seres míticos galegos* [Alicornio], Xerais, Vigo, 1999.
- De Asúa, M. *El Unicornio: Entre el mito y la ciencia*. Revista Ciencia Hoy Vol. 5, nº26
- García García, J.J. *El unicornio y la práctica médica*. Revista mexicana de pediatría. Vol. 68. Nº1. Pax.30-33. 2001
- Garrosa Guide, J.L. *Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo-Lugo)*, Cervantes. Revista de literatura nº 40. Ed. Cervantes. Bilbao 1999.
- Gran biblioteca temática gallega. Las gentes: Menciñeiros, saludadores e compoñedores. Vol. I* EA editores.
- Gran diccionario Xeral da Lingua. Ed. Xerais. Vigo 2000
- Gran biblioteca temática gallega. Meigas, trasnos e lobisomes*. Vol. II. Los seres míticos que pueblan la galicia mágica. Pilar Freire, Rey Insua, L., Eireoa A.M., Caneda, R. EA editores
- Gran Enciclopedia Gallega. Tomo I. Alicornio y Tomo II. Amuletos*. Director Otero Pedrayo. Silverio Cañada editor.
- Jackson, W. The use of unicorn horn in medicine. The Pharmaceutical Journal. Vol.273. December 2004. Pag. 18-25.
- Jerónimo Feijoo, B. *Cartas eruditas y curiosas. Tomo II*. Madrid 1773
- Lis Quibén, V.: *La medicina popular en Galicia*. Gráficas Torres. Pontevedra 1949.
- Mariño Ferro, X.R. *La medicina popular interpretada II*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo 1986.
- Meadows, R. *The Unicorn, the Mermaid and the Centaur*. Smithsonian ZooGoer. Nov/Dec. 2006. Publicación do Smithsonian National Zoological Park
- Risco, V., «*Miscelánea folklórica*», en *Cuadernos de Estudios Gallegos, II*, Santiago de Compostela, 1946-47.
- Risco, V., *Obras completas* Vol.3 Etnografía Ed. Galaxia S.A. Vigo 1994
- Robert Brown, Jun., F.S.A: *The unicorn. A mythological investigation*. Longmans, Green, and Co. Londres 1881.
- Rodríguez Blanco, P. *A crenza nas bruxas nunha comunidade galega: Aldeas do concello de Pantón (Lugo)*. Boletín Museo Provincial de Lugo. Pax.157-168. Ano 1984
- Rodríguez López, J.R.: *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Imprenta de Ricardo Rojas. Madrid 1910.
- Scarlatto, E. *Cuerno de unicornio, bezoar y triacas. Modernos antídotos de la antigüedad*. Publicado en Boletín de la asociación toxicológica de argentina. Año 20, nº 72-Mar/Abr. 2006. Pax.19-20
- Shepard, Odell. *The Lore of the Unicorn*. Ed. George Allen. Londres 1930
- Vázquez Gallego, X. *Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en medicina popular de Galicia*. Servicio de publicacións da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Lugo 1990.